

La Cámara ofrece este outono máis de catrocentas horas de formación para a empresa

- ❖ **Como principais novidades preséntanse cursos sobre dirección económico-financeira, venda emocional, enerxías renovables, seguridade alimentaria e mercadotecnia turística.**
- ❖ **Ábrese unha liña de formación a través de Internet para a hostalería e o turismo.**
- ❖ **As actividades relacionadas co comercio exterior oriéntanse á redución de custos e minimización de riscos nas operacións internacionais.**

Ferrol. 23/09/2009. O programa de formación para este outono da Cámara de Comercio de Ferrol ofrece unha trintena de novos cursos, nas áreas de dirección, xestión económico-financeira, comercial, internacionalización, recursos humanos, hostalería, turismo e innovación, que supón máis de catrocentas horas de formación presencial.

Ademais, a Cámara mantén e amplia a súa oferta de formación a través de Internet á que incorpora unha serie de actividades dirixidas especificamente á hostalería e o turismo sobre protocolo de banquetes, atención ao cliente, servizo de sala ou coctelería.

En conxunto, o obxectivo desta programación é achegar, nun contorno socioeconómica como o actual, as mellores solucións para axudar a mellorar a xestión do negocio.

Polo que se refire aos cursos presenciais vai ter un peso importante a formación para directivos. Este é o caso do *Programa Superior en Dirección económico-financeira*, que se organiza en colaboración coa Escola de Finanzas e comeza o 16 de outubro.

Cunha estrutura modular —que inclúe contidos relacionados con cálculos financeiros, novos enfoques na xestión de tesourería, selección de investimentos, planificación estratéxica ou xestión de clientes e risco de crédito, entre outros— terá unha duración de 58 horas lectivas e será impartido por profesionais con ampla experiencia.



Tamén en outubro iníciase o curso *Dirección comercial*, que proporcionará aos asistentes os coñecementos básicos para desempeñar esta función en pequenas e medianas empresas. Terá continuidade noutra acción formativa máis avanzada para executivos de vendas e directores comerciais que leva por título *Claves para o éxito comercial: fundamentos e tendencias de xestión comercial e mercadotecnia no ámbito económico actual*.

Outra das novidades nesta área é un curso sobre venda emocional, orixinal polo seu contido práctico que trata, mediante técnicas de psicoloxía aplicada ás vendas, de describir e satisfacer as necesidades dos clientes e de evitar posibles obxeccións por medio da comunicación transaccional.

Por outra banda, as actividades formativas relacionadas co comercio exterior oriéntanse, dada a conxuntura económica actual, á redución de custos e a minimización de riscos nos procesos de expedición de mercancías a outros países.

É o caso, entre outros, do curso *Mellora da xestión das operacións internacionais* e dos seminarios *Prevención de riscos na exportación* e *Redución de custos no transporte internacional*, nos que se estudarán as medidas que poden adoptar as empresas para mellorar os contratos, limitar os riscos de cambios e impagados e reducir os problemas derivados de perdas, danos ou atrasos no transporte.

A Cámara de Comercio de Ferrol presenta tamén como novidades accións formativas sobre seguridade alimentaria e o seu sistema de xestión, enerxías renovables ou mercadotecnia turística.

Xa está aberto o prazo para matricularse en calquera destes cursos que se desenvolverán nos meses de outubro e novembro. As persoas interesadas poden solicitar máis información no departamento de formación da entidade (Tel. 981 333165-Ext. 2). Tamén se poden consultar datas, programas e condicións de participación na web www.camaraferrol.org.

